

Convocatoria de sesión ordinaria da Xunta de Goberno que terá lugar o luns, día 4 de abril de 2022, ás 10.00 horas.

De conformidade co acordado polo Pleno da Deputación Provincial na sesión extraordinaria de organización do 16 de xullo de 2019, durante o mandato 2019-2023, a Xunta de Goberno deberá realizar sesión ordinaria cunha periodicidade semanal.

Polo exposto, **DISPOÑO:**

Convocar a sesión **ordinaria** de Xunta de Goberno:

**DÍA:** 4 de abril de 2022

**HORA:** 10.00 horas en primeira convocatoria\*

**LUGAR:** Mediante o sistema de videoconferencia a través do seguinte enlace:  
<https://call.lifesizecloud.com/3891540>

\* Se na primeira convocatoria non existise o quórum necesario, segundo o disposto no número anterior, entenderase convocada a sesión automaticamente dous (2) días despois.

A orde do día da sesión será a seguinte:

### **1. 2022/8B/XGL PRESIDENCIA**

Acta da sesión anterior, ordinaria, do día 28 de marzo de 2022.

### **2. 2022/3958N PRESIDENCIA**

Bases reguladoras da convocatoria do concurso público para a concesión de subvencións para proxectos de prestación de servizos sociais para o ano 2022.

### **3. 2022/4596Y PRESIDENCIA**

Bases reguladoras da convocatoria do concurso público para a concesión de subvencións para gastos de investimento de asociacións veciñais de Ourense

correspondentes ó exercicio 2022.

**4. 2022/1841B PRESIDENCIA**

Subvención ó Concello de Porqueira para a mellora de parques infantís en Sabucedo, Toxal e Filgueira, correspondente ó ano 2021.

**5. 2022/568V PRESIDENCIA**

Subvención ó Concello de San Xoán de Río para a execución das obras de reforma en dependencias da Casa do Concello.

**6. ASUNTOS DE URXENCIA.**

**7. COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.**

**8. ROGOS E PREGUNTAS.**

Así o dispón e o asina o Sr. presidente, en Ourense, na data que consta na sinatura electrónica desde documento. Dou fe.